

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 41.4 e 79 e 80.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **EXTRAORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro LUNS, **día 21 de OUTUBRO /2019 ás 10 HORAS**, en primeira convocatoria, para tratar o asunto relacionado na

ORDE DO DÍA

ÚNICO.- Designación por sorteo público dos membros (Presidentes e Vogais das Mesas Electorais), así coma dos suplentes, coma consecuencia da convocatoria de Eleccións Xerais de 10 de novembro de 2019 (RD 551/2019 de 24 de setembro, publicado no BOE núm. 230) de conformidade co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

A presente convocatoria entregarase a todos os membros da Corporación, , procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE